

D.4.-A CONCENTRACIÓN EMPRESARIAL E FINANCEIRA

- ? 28.- Define o concepto de *Monopolio empresarial*.
- o 29.- Por que se produce a **concentración empresarial**?
- 30.- Cal é a **diferenza** existente entre “cartel”, “trust” e “holding”?



Standard Oil foi unha empresa petrolera xurdida en 1870 en Ohio (EEUU), chegou a ser o maior refinador de petróleo do mundo e unha das primeiras e máis grandes corporacións multinacionais do planeta. John D. Rockefeller foi presidente e principal accionista da compañía, ademais de ter sido un dos seus fundadores. En 1882 a empresa tiñase convertido no primeiro trust empresarial, usando tácticas “discutibles” absorbeu á maioría das empresas da competencia. Cando o boom dos automóviles disparou a demanda de petróleo a comezos do s.XX, a compañía xa controlaba todos os aspectos da industria non só en Estados Unidos, senón tamén noutros países do mundo. As leis “anti-trust” que se opoñían a eses movementos monopolísticos levaron en 1911 ao Tribunal Supremo a decretar a fragmentación de Standar Oil en 34 empresas...



IV.- O DESENVOLVEMENTO DO CAPITALISMO LIBERAL

As transformacións económicas provocadas pola Revolución Industrial determinaron o desenvolvemento e posterior consolidación do **capitalismo**, un sistema económico sustentado no **liberalismo económico**. Esta doutrina foi establecida por unha serie de autores británicos, entre os que destacou Adam Smith no século XVIII. O capitalismo é un sistema económico no que a propiedade dos medios de produción (terras, fábricas...) e o sistema de distribución dos produtos (comercio, transportes...) pertencen a proprietarios privados e individuais. **A finalidade do sistema é a de producir para o mercado obtendo o máximo beneficio**. No capitalismo liberal do s.XIX **o Estado non intervén na economía**, quedando esta suxeita aos “mecanismos naturais do mercado” (como a lei da oferta e da demanda).

Co paso do tempo a gran competencia xurdida entre os países industrializados e entre as distintas empresas nacionais terminou provocando o paulatino abandono das tesis librecambistas e o sagrado principio da libre competencia. Así, adoptáronse prácticas e comportamentos claramente antiliberais desde o puntos de vista económico como:

- a concentración empresarial...
- as políticas comerciais proteccionistas...
- a construción dos Imperios coloniais...




- ? 32.- Define o concepto de **Capitalismo**.
- 33.- A que se debeu o **retroceso** do liberalismo económico?

IV.- O DESENVOLVEMENTO DO CAPITALISMO LIBERAL

? 32.- Defíne o concepto de *Capitalismo*.

33.- A que se debeu o **retroceso** do liberalismo económico?



O *liberalismo* defendía que o motor do crecemento era a **iniciativa privada**. Así, consolidouse unha forma de pensar e actuar, máis aberta ao **investimento**, á **innovación**, ao **risco** empresarial e á **procura do máximo beneficio**. O traballo pasou así a considerarse unha virtude persoal.

Para **mellorar os beneficios** foi necesario tamén **aumentar o consumo**, para o que se fixo uso da **publicidade**. Carteis, prensa escrita, cuñas radiofónicas... foron os principais medios de difusión para chegar ao gran público. Coa mesma idea de ampliar o consumo puxéronse en marcha **outras formas de venta**: venta a prazos, venta por correo, grandes almacenes...



V.- REPASANDO

? 34.- Responde ás cuestións relacionadas co texto:

- a) En que **país** e en que **século** comezarían a darse as condicións presentes neste texto?
- b) Que **sistema de cultivo** se reflicte no documento? En que consiste?
- c) Que **diferenzas** presenta cos sistemas utilizados no Antigo Réxime?
- d) Que **vantaxes** proporciona a utilización do sistema de cultivo do texto?



“Cando se cultiva un campo, é abonado con toda a forza da que dispón o campesiño, e sácalle unha colleita de nabos, patacas, xudías (...) Logo seméntase a terra con algún tipo de gran ou trevo; este último continúa ás veces por dous ou tres anos no mesmo campo, ata que, despois de aralo unha vez, é sementado de trigo. Esta rotación renóvase sucesivamente na mesma orde e a terra nunca queda desocupada”.





35.- Responde ás cuestións relacionadas co texto:


“Resulta curioso como nos comezos da industria algodoeira todas as operacións, desde o tratamento inicial da materia prima ata a saída como tecido, fanse na casa do traballador con instrumentos tradicionais.

Hoxe, coas melloras tecnolóxicas a industria ten acadado a súa madurez e todas as operacións desenvólvense nun único edificio... Neste edificio as máquinas cardan o algodón, fiano e transfórmano en tecido, producíndose tanta cantidade de metros como o que nos comezos producía toda a man de obra da rexión”.

HISTORIA ABREVIADA DA INDUSTRIA DO ALGODÓN (1823)

a) En que **fase** da revolución industrial situarías o texto? Entre que anos e onde se desenvolve esta fase?


b) Comenta as **diferenzas** entre o sistema de fábrica que aparece no texto e os sistemas de produción anteriores.




36.- Fai un esquema-cadro **comparando os trazos característicos da primeira e da segunda fase da Revolución Industrial** (época e lugar, fontes de enerxía utilizadas, sectores punteiros, sistema de produción, tipos de empresa e fontes de capitalización, orientación da produción...).



35.- Fai un esquema-cadro **comparando os trazos característicos da primeira e da segunda fase da Revolución Industrial** (época e lugar, fontes de enerxía utilizadas, sectores punteiros, sistema de produción, tipos de empresa e fontes de capitalización, orientación da produción...)



Primer motor a vapor



El motor a vapor, invento de Thomas Newcomen (1712) y mejorado por James Watt (1769), se aplicó en la minería, la textilera y en los medios de transporte (barcos, ferrocarriles, etc.).



Locomotora (G. Stephenson)



Barco a vapor (R. Fulton)




Watt



Newcomen

Primer motor a diesel



El motor de explosión y combustión interna, creado por Rudolf Diesel en 1894, permitió el uso del petróleo; y, la electricidad, en la producción, el transporte y las comunicaciones.



Automóvil (Gottlieb Daimler, 1886).



Avión (Hnos. Wrigth, 1903)



Diesel

ENERGÍA



Vapor
Carbón




Máquina de hilado (James Hargreaves, 1764).



Telar hidráulico (Richard Arkwright, 1769).



Desmotadora (Eli Whitney, 1793).



Locomotora a vapor (Stephenson, 1830)

ENERGÍA



Petróleo
Electricidad



Telégrafo (Samuel Morse, 1837).

Teléfono (Graham Bell, 1876).



Bombilla eléctrica (Thomas Alva Edison, 1879).